

## VISIÓNS SOBRE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO NO CINEMA (II)

é unha aproximación fílmica ao tratamento da inclusión e da discapacidade do cine.

A primeira edición do ciclo organizouse en 2019 na Coruña e en Santiago.

En 2021 son seis sesións, tres cidades e dúas películas nas que se aborda, desde diferentes puntos de vista, o dano cerebral adquirido.

Todas as proxeccións comezan co pase dun vídeo elaborado por FEGADACE e o ilustrador Miguel Gallardo, e rematan cunha sesión de debate.

Este proxecto conta co apoio da Consellería de Política Social.

**O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO** é unha discapacidade que se produce por unha lesión no cerebro causada, case sempre, por un ictus ou por un traumatismo derivado dun accidente de coche.

FEGADACE, a Federación Galega de Dano Cerebral, representa a máis de 2.000 familias agrupadas nas cinco asociacións de dano cerebral que hai en Galicia.

ADACE Lugo, Alento e Renacer son as asociacións de dano cerebral de Lugo, Vigo -e provincia de Pontevedra-, e Ourense.

## VISIÓNS SOBRE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO NO CINEMA (II)

Unha aproximación fílmica á discapacidade e á inclusión



VIGO ∞ Sala de Conferencias Afundación (Rúa Policarpo Sanz, 26)  
LUGO ∞ Auditorio Sede Afundación (Praza Maior, 16)  
OURENSE ∞ Sala de Conferencias Afundación (Av. de Pontevedra, 9)

∞ 23 de novembro a 1 de decembro de 2021 ∞

entrada de balde ∞ inscrición en [fegadace@fegadace.org](mailto:fegadace@fegadace.org)





## A escafandra e a bolboretta

(*Le scaphandre et le papillon*. Julian Schnabel, 2007). 112 m.

VOSE



**Vigo** \* 30/11/2021 \* 18:30

**Lugo** \* 01/12/2021 \* 18:30

**Ourense** \* 24/11/2021 \* 19:00

En 1985 á idade de 43 anos, Jean-Dominique Bauby, carismático redactor xefe da revista francesa *Elle*, tivo un ictus. Safo do coma 20 días máis tarde vítima da “síndrome de cativerio”, pola que queda totalmente paralizado, non podendo moverse, comer, falar nin respirar sen asistencia. A súa mente funciona, pero é prisioneiro do seu propio corpo, sendo só capaz de comunicarse co exterior mediante o parpadeo do seu ollo esquerdo. Forzado a adaptarse a esta única perspectiva, Bauby crea un novo mundo a partir das únicas dúas cousas sen paralizar: a súa imaxinación e a súa memoria.



## Fálame de ti

(*Un homme pressé*. Hervé Mimran, 2018). 100 m. VOSE




**Vigo** \* 23/11/2021 \* 18:30

**Lugo** \* 24/11/2021 \* 18:30

**Ourense** \* 01/12/2021 \* 19:00

Alain é un home de negocios respectado e un orador brillante. Na súa vida non hai lugar para o lecer ou a familia. Un día, sofre un derrame cerebral que estraga a súa brillante carreira profesional e cáusalle problemas profundos de fala e memoria. Na súa rehabilitación recibe o apoio de Jeanne, unha moza loxopeda. Grazas ao arduo traballo e a paciencia, Jeanne e Alain chegarán a coñecerse e cada un, á súa maneira, tratará de reconstruírse e empezar unha nova vida.



A Federación Galega de Dano Cerebral e o ilustrador Miguel Gallardo xúntanse para elaborar unha peza audiovisual na que se poñen en relación as causas do dano cerebral adquirido coas súas consecuencias ou secuelas.

## O mundo púxose ao revés. Historias sobre o dano cerebral adquirido

(Miguel Gallardo & FEGADACE, 2019). 1,47 m. VO



Proxeccións ao inicio de todas as sesións.